

## CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

*Resolución do 23 de setembro de 2009 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 19 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (IN519B) (Diario Oficial de Galicia número 41, do 27 de febreiro).*

De conformidade co disposto no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 20 da Orde do 19 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (IN519B),

### RESOLVO:

Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das subvencións concedidas ao abeiro da citada orde.

-Norma reguladora: Orde do 19 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas nos parques empresariais e recintos de localización preferente de empresas na Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (IN519B).

-Aplicacións orzamentarias: 10.03.732-A 781.0 asociacións e institucións sen ánimo de lucro: actuacións en materia de infraestruturas en polígonos industriais, e 10.03.732-A 760.0 concellos. Actuacións para infraestruturas en polígonos industriais.

-Crédito orzamentario:

Asociacións: 250.000 € (ano 2009) e 50.000 € (ano 2010).

Concellos: 719.928,13 € (ano 2009) e 719.928,13 € (ano 2010).

-Beneficiarios, importe e finalidade das axudas: véxanse os anexos.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2009.

P.D. (Orde 30-4-2009, DOG nº 87, do 6 de maio).

José Riesgo Boluda

Secretario xeral de Economía e Industria

## ANEXO I

### Asociacións e institucións sen ánimo de lucro: actuacións en materia de infraestruturas en polígonos industriais

Beneficiario	Finalidade	Concedido (2009)	Concedido (2010)
Asociación de empresarios A Pasaxe	Conexión de dúas redes de abastecemento e incendios no polígono industrial A Pasaxe	14.215,97 €	
Asociación de empresarios da comarca de Arzúa	Dotación de infraestruturas de servizos que supoñan unha mellora en materia de seguridade	12.902,94 €	25.805,87 €
Asociación de empresarios As Gándaras-O Porriño	A redacción do Plan estratéxico 2010-2015 do parque empresarial das Gándaras	16.290,94 €	
Asociación de empresarios de Bergondo	Sinalización do edificio de información do polígono industrial de Bergondo	6.857,74 €	
Asociación de empresarios do polígono industrial do Campiño	Sinalización de vías no polígono do Campiño	31.361,12 €	
Asociación de empresarios do polígono industrial de Castiñeiras-Bueu	Sinalización integral informativa do parque industrial de Castiñeiras	13.528,53 €	
Confederación empresarial de Ourense	Estudo de enerxía sustentable do polígono industrial de Barreiros	12.768,00 €	
Asociación de empresarios do polígono industrial de Pocomaco	Cambio de iluminación no polígono industrial de Pocomaco	7.748,13 €	
Asociación de empresarios do polígono industrial Río do Pozo	Rotulación e sinalización do polígono industrial Río do Pozo	51.102,90 €	
Asociación de empresarios do polígono de Sabón	Estudo de referencias e redacción do proxecto de construción do centro de servizos de valor no polígono de Sabón	17.852,54 €	
Asociación de empresarios do polígono industrial do Tambre	Estudo para a incorporación de novos servizos e infraestruturas de seguridade no polígono industrial do Tambre	16.360,15 €	
Entidade de conservación polígono Os Capelos	Mellora da infraestrutura da vía de acceso ao polígono dos Capelos	49.036,04 €	

## ANEXO II

### Concellos. Actuacións para infraestruturas en polígonos industriais

Beneficiario	Finalidade	Concedido (2009)
Concello da Estrada	Proxecto de substitución e instalación de iluminación no polígono industrial de Toedo	79.919,64 €
Concello do Carballiño	Instalación de iluminación pública no polígono industrial da Uceira	71.257,67 €
Concello de Carballo	Elaboración e execución de proxecto técnico para a transformación da rede de saneamento unitaria do polígono industrial de Bértoa	103.260,24 €
Concello de Cerceda	Instalacións de iluminación pública para a mellora das infraestruturas do parque empresarial do Acevedo	71.296,98 €
Concello de Cervo	Mellora nas infraestruturas do parque empresarial de Cufiña	26.430,20 €
Concello do Porriño	Instalación de iluminación pública na rúa principal do polígono A Granxa	97.101,66 €
Concello de Ribeira	Instalación rede de hidrantes e limpeza e arranxo de sumidoiros en vías públicas no polígono industrial de Xarás	80.026,62 €

Beneficiario	Finalidade	Concedido (2009)
Concello de Silleda	Centralización, xestión e redución do gasto enerxético na iluminación pública e proxecto de urbanización e mellora de vías do parque empresarial Área 33-Silleda	53.657,30 €
Concello de Verín	Instalacións de iluminación pública e estación de bombeo de auga potable no parque empresarial de Pazos	43.445,94 €
Concello de Vilalba	Sinalización horizontal do parque empresarial de Vilalba	15.000,00 €
Concello de Vilar de Santos	Iluminación do acceso sur ao polígono industrial de Santa Marta	39.360,35 €
Concello de Xove	Habilitación e mellora das infraestruturas do parque empresarial de Camba-Xove	39.171,52 €

*Resolución do 19 de outubro de 2009 pola que se procede á publicidade das subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 18 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización, e se procede á súa convocatoria (IN515B) (Diario Oficial de Galicia número 122, do 24 de xuño).*

O conselleiro de Economía e Industria, con data do 19 de outubro de 2009, ditou resolución das subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 18 de xuño de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a empresas galegas para a realización de actuacións e estratexias de promoción e internacionalización.

O artigo 12 das bases reguladoras da orde dispón no seu número 4: «Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Economía e Industria. Nesta publicación especificarase a data de convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no DOG poderá remitirse aos beneficiarios a que consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web».

Na súa virtude,

**RESOLVO:**

1. Ordenar a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, da relación de beneficiarios de subvención. Esta relación figura como anexo desta resolución.

Todos os solicitantes que se recollen no anexo poderán obter información detallada da súa resolución accedendo ao taboleiro electrónico dispoñible no enderezo da internet: <https://axudasindustria.xunta.es/att>.

O acceso tamén se poderá facer a través da aplicación informática axudas virtual (procedemento IN515B) establecida na oficina virtual desta consellería, sita no enderezo da internet: <http://economiaeindustria.xunta.es>, ou tamén se pode acceder desde o enderezo da internet: [\[ta.es/presentacion-electronica\]\(http://ta.es/presentacion-electronica\), da Xunta de Galicia, facendo uso do enlace dispoñible co procedemento IN515B.](http://www.xun-</a></p>
</div>
<div data-bbox=)

Para o acceso ao contido do taboleiro electrónico, cada solicitante deberá introducir o NIF e o contrasinal, ou ben NIF e certificado dixital que foron utilizados no momento de cubrir a súa solicitude. O usuario poderá ler os documentos dos diferentes taboleiros (xeral da orde e persoal) facendo clic no enlace taboleiro do menú.

Contra a resolución de concesión, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer, se é o caso:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo os artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que coiden oportuno.

Os solicitantes que non aparecen no devandito anexo deberán entender que non lles foi concedida a subvención. Estes solicitantes poderán obter información detallada da súa resolución accedendo ao taboleiro electrónico dispoñible no mesmo enderezo da internet que o indicado nos parágrafos anteriores.

2. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderanse dirixir á Secretaría Xeral, a través do teléfono 881 99 90 03 ou do enderezo de correo electrónico [cei.axudassecretaria@xunta.es](mailto:cei.axudassecretaria@xunta.es).

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2009.

P.D. (Orde 30-4-2009, DOG nº 87)

José Riesgo Boluda

Secretario xeral da Consellería de Economía e Industria